

CANDIDATURA A XUNTA DIRECTIVA AGARYD

Queridas amigas/os, tras levar anos traballando na Xunta Directiva de Agaryd (primeiro como Delegado de A Coruña e durante os dous últimos anos como Vicepresidente Primeiro) quero manifestar o meu agradecemento a todos os que dedicaron unha parte do seu tempo a formar parte da Xunta Directiva e un especial recoñecemento a labor levada a cabo polo noso Presidente.

Un grupo de profesionales decidimos constituir un equipo directivo para dar continuidade a labor que se fixo durante os últimos anos. Compartimos ideas e proxectos e queremos ilusionar a todos os socios da Agaryd, co noso compromiso de facer da Sociedade un espacio aberto a colaboración, a innovación e as ideas dos socios. Ofrecemos dialogo, transparencia e traballo *para* defender a nosa especialidade con coherencia e profesionalidade. Por eso queremos que a nosa especialidade medre e traballaremos por un 5 ano de formación. A nosa guía será unha asistencia de calidade e seguridade, para o cal vamos a dedicar máis esforzos a formación continuada como ferramenta imprescindible para a mellora. Formación teórica e práctica para residentes (programa de formación continuada, curso de A Toxa) e formación acreditada para adxuntos, que vamos intentar ampliar e mellorar.

O traballo feito nos últimos anos dos que pretendemos continuar na Xunta Directiva (Sonsoles Leal, Eva San Luis, Ángel López, Bea Chamadoira, Jorge Juncal, Eva Rocha e Servando López) é de todos coñecido. As novas incorporacións (Sabela del Río, Noelia Fernández e Enrique Domínguez) van contribuir a enriquecer o equipo. Non podemos ofrecer protagonismo, nin dar un gran salto, só podemos ofrecer compromiso e traballo.

Somos un equipo que nos comprometemos a unha implicación activa en todas as competencias da nosa especialidade e coa vosa axuda queremos ser a representación da maioría. Para elo pedimos o voso apoio.

Servando López. Candidato a Presidente de Agaryd